



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO E A CENTRO DE ESTUDOS JACOBEO DA JUNTA DE FREGUESIA DE RATES (PÓVOA DE VARZIM – PORTUGAL)

En Santiago a *11 de decembro de 2016*

INTERVEÑEN

Don Rafael Sánchez Bargiela, en nome e representación da sociedade mercantil Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, con CIF- A-1534838, constituída en 13 de novembro de 1991, con domicilio social en Avda. de Fernando de Casas, nº 38, Pavillón de Galicia, Santiago de Compostela e inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña no Tomo 923 Folio 93 Folla Número - 2.655, representación que ostenta na súa calidade de Director–Xerente.

, en nome e representación do Centro de Estudos Jacobeos da Junta de Freguesia de Rates, con domicilio no Largo do P. Arnaldo Moreira, 1 de Rates Póvoa de Varzim

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.-

Dentro do obxecto da Sociedade encontrase as seguintes finalidades:

- “As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago”.
- “A coordinación de actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobeá, en especial, as exposicións, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias”.

SEGUNDO.-

Que o Centro de Estudos Jacobeos de Rates ten como obxectivos o estudo e investigación da presenza do Camiño de Santiago no Norte de Portugal.

TERCEIRO.-

Que a colaboración da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e a coordinación da cultura xacobeá a través das actividades como as que promove o Centro de Estudos Jacobeos de Rates supón un beneficio para ámbalas dúas partes.

En virtude do anteriormente exposto acordan celebrar o presente convenio que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente Convenio é o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Centro de Estudos Jacobeos de



Rates para a celebración do III Coloquio Internacional “Caminhos de Santiago” dedicado nesta edición á seguinte temática: “Os caminhos do Caminho de Santiago” a celebrar os días 18 e 19 de novembro de 2016 na Igrexa románica de San Pedro de Rates (Vila do Comde – Portugal)

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, colaborará nas actividades programadas contribuíndo aos gastos necesarios que se orixinen, co límite establecido na cláusula segunda.

Este convenio cumpre cos criterios obxectivos de selección sinalados no Plan Estratéxico para o ano 2016 e non resulta posible a concorrência competitiva polas especiais características da entidade coa que se convenia.

SEGUNDA.-ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para a execución do III Coloquio Internacional “Caminhos de Santiago” ascende na súa totalidade a 11.300 € distribuídos do seguinte xeito :

Boletim de Resumo das Comunicações do III Colóquio a distribuir 18/19 de Novembro 2016	€ 1.200,00
Livro Actas do II Colóquio Internacional, com 250 paginas	€ 6.000,00
Estadia dos Conferencistas de Espanha e França 10 conf x 2 noites = 20 x € 80,00	€ 1.600,00
Refeições	€ 1.000,00
Divulgação e propaganda e impressos	€ 1.500,00
TOTAL	€ 11.300,00

A achega que fai a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para posibilitar a realización das actuacións é de 5.000,00 euros (impostos incluídos) e o Centro de Estudos Jacobeos de Rates encargarase de asumir o resto do custe destas accións. A achega so cubrirá o custe para o desenvolvemento das actividades.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo procederá ao pagamento dos gastos correspondentes, unha vez que o Centro de Estudos Jacobeos de Rates presente a documentación xustificativa disposta na cláusula sétima deste convenio.

Ditos gatos rexistraranse na conta 627 do P.G.C, e o devandito crédito financiaranse con cargo aos orzamentos aprobados desta S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para o ano 2016, recollido na partida orzamentaria correspondente ás subvencións á explotación (Capítulo IV) con número de aplicación: 201604A2761A441.11.

O Centro de Estudos Jacobeos de Rates achegará medios materiais, recursos humanos e técnicos precisos para a realización de todas as actividades.

Se o importe dos gastos xustificados fora inferior ao importe do orzamento total previsto para a realización das actividades que constitúen o obxecto do convenio, e que se recolle na memoria económica que se achega co presente convenio, a achega da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo reduciríase proporcionalmente.



TERCEIRA.- OBRIGAS DA ASOCIACION :

Por este convenio de colaboración o Centro de Estudos Jacobeos de Rates obrígase a:

- Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, así como executar o orzamento previsto na cláusula anterior.
- Incluír, en toda a documentación ou soportes empregados, os símbolos distintivos da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ou aqueles designados pola mesma
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
- Comunicar á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo a obtención de outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien a actividade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- OBRIGAS DA S. A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo obrígase a realizar unha achega de 5.000 euros para a realización das actuacións previstas neste convenio

QUINTA.- COMPATIBILIDADE

A achega económica prevista neste convenio será compatible con outras, axudas, subvencións ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais. En ningún caso o importe das achegas as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade conveniada

SEXTA.- PERSOAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións contempladas neste convenio e que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

O Centro de Estudos Jacobeos de Rates será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.



SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO

A xustificación dos fondos efectuarase mediante:

- Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade concédente, data e importe total concedido.
- Unha memoria explicativa da actividade realizada que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.
- Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pagamento. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor. A documentación xustificativa (facturas, etc.) corresponderá ao exercicio 2016.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Sociedade, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cuotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. O Centro de Estudos Jacobeos de Rates quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o Centro de Estudos Jacobeos de Rates, como consecuencia da realización de actuacións acordadas co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o 1 de xaneiro de 2016.

A Sociedade reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

A data límite para presentar a documentación xustificativa será o 15 de decembro de 2016.

OITAVA.- PAGOS ANTICIPADOS E PAGOS A CONTA

Non se realizarán abonos parciais polos custes das cantidades xustificadas.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.



Por parte da S.A. de Xestión actuará como representante o Director-xerente ou persoa na que delegue

Por parte do Centro de Estudos Jacobeos de Rates como responsable desta comisión o Presidente ou persoa en que delegue

DÉCIMA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

DÉCIMA PRIMEIRA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio rexerase polo dereito privado, séndolle aplicable os principios de xestión contidos no artigo 5.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os de información aos que fai referencia o artigo 16 do mesmo texto legal, así como os artigos do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que desenvolven ditos principios de xestión e publicidade. O contido e efectos do presente convenio quedarán suxeitos ás normas do Dereito común.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación, resolución e efectos que non poidan ser resoltas no seo da comisión de seguimento e interpretación, serán sometidas á resolución da xurisdición competente dos Xulgados de Santiago de Compostela, renunciando as partes a calquera outro que lle puidera corresponder.

DÉCIMA SEGUNDA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

A Asociación autoriza a publicidade dos datos relevantes deste convenio nos termos previstos na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, así como no relativo á aplicación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro que regula a transparencia e o bo goberno no ámbito da Administración pública de Galicia, no seu artigo 15.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos



Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2016.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes firman dous exemplares do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

S.A. de Xestión do Plan Xacobeo

Centro de Estudos Jacobeos de Rates